

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 5038** *Real decreto 369/2010, do 26 de marzo, polo que se modifica o Regulamento das escolas particulares de condutores, aprobado polo Real decreto 1295/2003, do 17 de outubro; o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro; e o Real decreto 2100/1976, do 10 de agosto, sobre fabricación, importación, venda e utilización de pezas, elementos ou conxuntos para reparación de automóbiles, para adaptar o seu contido á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, incorporou parcialmente ao dereito español a Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior.

Para dar cumprimento aos obxectivos que persegue esta lei, co fin de impulsar a mellora da regulación do sector servizos, suprimindo barreiras e reducindo as trabas que restrinxen inxustificadamente o acceso a estas actividades e o seu exercicio, ademais de impulsar a modernización das administracións públicas para responder ás necesidades tanto das empresas como dos consumidores, cómpre revisar o actual marco normativo que regula todas as actividades incluídas no seu ámbito de aplicación, para adecualo aos principios de non-discriminación, de xustificación por razóns imperiosas de interese xeral e de proporcionalidade que a dita lei establece.

Con este motivo, a propia lei, na súa disposición derradeira quinta, concede o prazo dun mes, a partir da súa entrada en vigor, para que o Goberno someta ás Cortes Xerais un proxecto de lei no que, no marco das súas competencias, proceda á adaptación das disposicións vixentes con rango legal ao disposto nela.

En cumprimento deste mandato, ditouse a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, que vén modificar un total de corenta e oito leis, entre as cales se inclúe, no seu artigo 22, a modificación do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo.

En concreto, modificáronse as alíneas c) e p) do artigo 5, e mais o número 2 do artigo 60 e, por último, suprimiuse o número 4 do anexo III.

Unha vez que, en cumprimento da citada disposición derradeira quinta da Lei 17/2009, do 23 de novembro, se modificaron as normas con rango de lei reguladoras do acceso ás ditas actividades, como o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, é necesario seguir avanzando neste proceso e adaptar, por unha parte, aquela normativa regulamentaria ditada en desenvolvemento desas leis que foron obxecto de modificación como, neste caso, a normativa regulamentaria que regula as escolas particulares de condutores.

E, por outra parte, modificar aqueloutras normas regulamentarias que, aínda non véndose afectadas directamente polos cambios habidos no referido texto articulado, ao regular o acceso a determinadas actividades deben adaptarse tamén os principios da Lei 17/2009, do 23 de novembro, con obxecto de mellorar a regulación deste sector, contribuíndo á supresión efectiva de requisitos non xustificados e garantindo así a aplicación a esas normas dos principios de boa regulación.

Este é o caso da normativa referida aos vehículos, así como aos establecementos dedicados á manipulación de placas de matrículas.

A teor do exposto, conforme o disposto no acordo aprobado polo Consello de Ministros o 12 de xuño de 2009, sobre a adecuación da normativa regulamentaria tanto á Lei 17/2009, do 23 de novembro, como á Lei 25/2009, do 22 de decembro, procédese a modificar o Regulamento das escolas particulares de condutores, aprobado polo Real decreto 1295/2003, do 17 de outubro; o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro; e o Real decreto 2100/1976, do 10 de agosto, sobre fabricación, importación, venda e utilización de pezas, elementos ou conxuntos para reparación de automóviles.

Este real decreto estrutúrase en tres artigos, unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias, unha derogatoria e dúas derradeiras.

O artigo primeiro modifica o Regulamento das escolas particulares de condutores, o artigo segundo modifica o Regulamento xeral de vehículos e o artigo terceiro modifica o Real decreto 2100/1976, do 10 de agosto.

Entre as principais novidades que supón a adaptación do Regulamento das escolas particulares de condutores tanto aos principios da Lei 17/2009, do 23 de novembro, como á modificación do texto articulado pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, cabe destacar as seguintes:

As escolas, para iniciaren a súa actividade, só necesitarán unha única autorización de apertura que terá validez en todo o territorio español e que habilita a escola para abrir seccións ou sucursais sen que estas teñan que estar situadas na mesma provincia.

Rebáixase de dous a un o número de profesores con que, como mínimo, debe contar unha escola.

Suprímese a prohibición de que a escola non poida dispor de menos vehículos que de profesores.

Exíxese, como mínimo, un único vehículo por cada clase de permiso de condución cuxo ensino se vaia impartir. Suprímese a obriga de ter que dispor como mínimo de dous vehículos turismos dos que habilita a conducir o permiso da clase B, no caso de que se imparta a formación para obter esa clase de permiso.

Suprímese a prohibición actual que impedía aos vehículos das escolas dedicárense a ningunha outra actividade lucrativa. Ademais, as escolas poderán dedicarse a outras actividades, eliminada a limitación que só lles permitía dedicarse a outras actividades docentes.

Todos os modelos de solicitudes poderán ser descargados a través da páxina web da Dirección Xeral de Tráfico.

Ademais, conforme o disposto no artigo 12 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, prevese a libre prestación dos servizos como director ou profesor de formación viaria. Debido ás implicacións que supón para a seguridade viaria e, polo tanto, para a seguridade pública, coa que está directamente relacionada, por canto a actividade de profesor implica ter que atender de forma continuada o ensino práctico sen abandonar os dobres mandos do vehículo ou acompañar os alumnos durante as probas prácticas en circulación aberta ao tráfico en xeral, é necesario que, con carácter previo, se lle comunique á Administración o inicio da actividade, que non poderá exercerse até transcorrido un mes desde que se presentou a comunicación.

En canto ao Regulamento xeral de vehículos, as modificacións que se levan a cabo teñen por obxecto suprimir a actual obriga dos cidadáns de teren que presentar un certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola, no caso de que se solicite a matriculación dun vehículo especial agrícola.

Respecto aos establecementos dedicados á manipulación de placas de matrícula, o artigo terceiro modifica o artigo segundo do Real decreto 2100/1976, do 10 de agosto, co obxecto de substituír a obriga dos citados establecementos de comunicar o exercicio da súa actividade á Xefatura de Tráfico do seu domicilio, pola obriga de que eses centros, no seu lugar, soliciten a súa inscrición no Rexistro de Manipuladores de Placas de Matrícula da Dirección Xeral de Tráfico.

Deste xeito, ao pasar a inscribirse nun rexistro de ámbito nacional, contribúese a unha maior transparencia no exercicio da súa actividade, xa que, até agora, do desenvolvemento da súa actividade só se tiña constancia a nivel provincial.

En canto á disposición adicional única, refírese ao tratamento dos datos persoais polos establecementos dedicados á manipulación de placas de matrícula, conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Na disposición transitoria primeira establécese un réxime transitorio en canto ás autorizacións concedidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto e respecto das solicitadas pero aínda non concedidas.

Na disposición transitoria segunda establécese un réxime transitorio con respecto á presentación dos documentos acreditativos de inscrición, de alta, de baixa ou de modificación dos datos inscritos nos rexistros oficiais de maquinaria agrícola, condicionado á modificación por orde dos anexos XIII, XIV e XV do Regulamento xeral de vehículos, conforme o disposto na disposición derradeira primeira do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aprobou o dito regulamento.

Con respecto á disposición derogatoria única, inclúese unha cláusula de derogación xeral.

Por último, as dúas disposicións derradeiras refírense, respectivamente, ao título competencial en virtude do cal se dita esta norma e á súa entrada en vigor.

Este real decreto foi sometido ao informe preceptivo do Consello Superior de Tráfico e Seguridade da Circulación Viaria, de conformidade co disposto na alínea e) do número 2 do artigo 5 do Real decreto 317/2003, do 14 de marzo, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Superior de Tráfico e Seguridade na Circulación Viaria.

Así mesmo, foi sometido a informe da Comisión Nacional da Competencia, de acordo co disposto na alínea k) do punto segundo do artigo 10 do Real decreto 331/2008, do 29 de febreiro, polo que se aproba o seu estatuto.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento das escolas particulares de condutores, aprobado polo Real decreto 1295/2003, do 17 de outubro.*

O Regulamento das escolas particulares de condutores, aprobado polo Real decreto 1295/2003, do 17 de outubro, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1. *Actividades.*

1. Como centros docentes, as escolas particulares de condutores están facultadas para impartir, de forma profesional, o ensino dos coñecementos, habilidades, aptitudes ou comportamentos esenciais para a seguridade da circulación aos aspirantes á obtención dalgún dos permisos ou licenzas de condución previstos no Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.

2. As escolas particulares de condutores, ademais, poderán realizar outras actividades, sempre que cumpran cos requisitos exixidos na normativa específica que, de ser o caso, as regule.

3. Coa autorización previa dos alumnos e logo de informalos do custo asociado a este servizo, poderán xestionar nos centros oficiais, no nome daqueles, o despacho de cantos documentos lles interesen a aqueles e estean directamente relacionados coa obtención do permiso ou licenza de condución.»

Dous. O artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 2. *Principio de unidade.*

1. Cada escola particular de condutores, dispoña ou non de seccións, constitúe unha unidade.
2. Enténdese por sección toda sucursal da escola matriz coa mesma titularidade e denominación.»

Tres. O artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Elementos.*

1. Toda escola deberá dispor duns elementos persoais e materiais mínimos para poder desenvolver as súas funcións. Cada sección ou sucursal da escola deberá dispor, pola súa vez, dos elementos persoais e materiais mínimos.
2. Os elementos persoais mínimos son o titular, o director e o persoal docente. Os elementos materiais mínimos están constituídos polos locais, os terreos ou zonas de prácticas, os vehículos e o material didáctico.»

Catro. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *Titular.*

1. É titular dunha escola quen figure inscrito como tal no Rexistro de Centros de Formación de Condutores a que se refire a alínea h) do artigo 5 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, existente no organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.
2. Pode ser titular dunha escola calquera persoa natural ou xurídica que obtivese a autorización de apertura dela. Tamén o poden ser, provisionalmente, as comunidades hereditarias mentres se produce a adxudicación da herdanza.
3. O titular é responsable de que a escola e, de ser o caso, as súas seccións ou sucursais cumpran en todo momento coa normativa que regula esta actividade e reúnan todos os elementos persoais e materiais mínimos exixidos para o seu funcionamento.»

Cinco. O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 5. *Obrigas do titular.*

Son obrigas do titular da escola:

- a) Controlar e comprobar, de forma constante, que o centro e, de ser o caso, as súas seccións ou sucursais contén en todo momento cos elementos persoais e materiais mínimos; estarán obrigados a dar conta á Xefatura Provincial de Tráfico das incidencias que se produzan en relación con eles.
- b) Dar conta á Xefatura Provincial de Tráfico de calquera alteración ou modificación dos datos que se comunicaron ou serviron de base para a autorización de apertura.
- c) Estar presente, cando sexa requirido para iso con antelación suficiente, nas inspeccións e colaborar na súa realización cos funcionarios do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico que as practiquen.»

Seis. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Obrigas dos profesores.*

Son obrigas dos profesores:

a) Impartir eficazmente a ensino, dentro do ámbito da súa autorización, de acordo coas normas e os programas establecidos e as disposicións que se diten para o seu desenvolvemento.

b) Atender de forma continuada o ensino práctico sen abandonar, de ser o caso, os dobres mandos do vehículo.

Cando o ensino das manobras se realice en circuíto pechado á circulación a que se refire o artigo 14 deste regulamento, se as circunstancias o permiten, non existe perigo e os alumnos están xa en condicións adecuadas para iso, poderá, sen desatender o ensino, abandonar os dobres mandos. Non poderá seguir simultaneamente as evolucións de varios vehículos.

c) Acompañar durante as probas prácticas, responsabilizándose na proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico do dobre mando do vehículo e da seguridade da circulación, os alumnos a que impartise ensino práctico na escola, sección ou sucursal en que figure dado de alta e colaborar cos funcionarios da Xefatura Provincial de Tráfico no que afecte a realización das probas de aptitude. Excepcionalmente poderá ser substituído polo director, se está en posesión do certificado que o autorice para exercer como profesor, ou por outro profesor.

d) Estar presente, cando, por ser necesario, sexa requirido para iso con antelación suficiente, nas inspeccións da escola, sección ou sucursal en que figure dado de alta e colaborar na realización delas cos funcionarios do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico que as practiquen.

e) Levar consigo, cando imparta o ensino, presencie o desenvolvemento das probas ou acompañe os alumnos durante o exame, o distintivo que o identifique e exhibilo sempre que algún funcionario da Xefatura Provincial de Tráfico ou os axentes de vixilancia de tráfico no exercicio das súas funcións o requiran.»

Sete. O artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 10. *Persoal administrativo e outros.*

1. As escolas poderán contar co persoal administrativo ou doutra categoría que consideren oportuno.

2. Cando ese persoal compareza ante a Xefatura Provincial de Tráfico coa finalidade de xestionar asuntos de mero trámite relacionados coa actividade da escola, sección ou sucursal, deberá facelo provisto dun documento expedido polo titular da escola, o cal se responsabilizará da súa actuación, que acredite que a dita actividade a realiza en nome desa escola, sección ou sucursal.

3. Este persoal está obrigado, de ser o caso, a colaborar na realización das inspeccións da escola, sección ou sucursal cos funcionarios que as practiquen.»

Oito. O artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 11. *Elementos persoais mínimos.*

Toda escola, sección ou sucursal deberá dispor dos seguintes elementos persoais mínimos:

a) Un titular que conte coa debida autorización de apertura da escola.

b) Un director en posesión do correspondente certificado de aptitude de director de escolas de condutores, debidamente autorizado para exercer como tal.

c) Un profesor en posesión do correspondente certificado de aptitude de profesor de formación viaria ou de profesor de escolas particulares de condutores, debidamente autorizado para exercer como tal.

Todo o anterior sen prexuízo de que a mesma persoa poida realizar máis dunha función na mesma escola, sección ou sucursal.»

Nove. O artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 12. *Prohibicións.*

1. Mentres estean en activo, o persoal ao servizo do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, o persoal da Garda Civil, os membros das policía locais e o persoal docente das escolas oficiais de condutores non poderán prestar servizo ningún nas escolas particulares de condutores ou as súas seccións ou sucursais, ser titulares delas nin formar parte da entidade ou persoa xurídica a nome da cal figure a autorización de apertura.

2. A prohibición a que se refire o número anterior afecta tamén o persoal en activo dos servizos equivalentes das comunidades autónomas que, de ser o caso, exerzan funcións en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.»

Dez. O artigo 13 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 13. *Locais.*

Toda escola, sección ou sucursal deberá contar cun local no que poida desenvolver as súas actividades e que cumpra cos requisitos exixidos pola normativa vixente.»

Once. O artigo 14 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 14. *Terreos.*

1. Toda escola autorizada para impartir o ensino para a obtención da licenza ou do permiso de condución das clases AM, A1, A2, A, B, B+E, C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D ou D+E deberá acreditar a facultade de utilizar un terreo que permita realizar as prácticas de manobras ou destreza en circuíto pechado, con carácter exclusivo ou de forma compartida.

2. A escola autorizada para impartir o ensino para a obtención da licenza ou do permiso de condución das clases AM, A1, A2, A ou B, de non contar cos terreos a que se refire o punto anterior, deberá dispor de autorización do concello en que radique ou, de se acreditar a imposibilidade de obtela, doutro concello da provincia, que lle permita realizar as prácticas de manobras ou destreza en zonas urbanas que reúnan condicións idóneas para o seu ensino.

3. Os terreos deberán contar coas instalacións adecuadas, estar debidamente acondicionados para a realización das manobras e reunir as características necesarias para que, se a aprendizaxe é realizada simultaneamente por varios alumnos, non se orixine perigo entre eles.

4. As seccións ou sucursais da citada escola deberán contar cos terreos e nas condicións que se indican nos puntos anteriores.»

Doce. O artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 15. *Vehículos.*

1. Toda escola deberá dispor, en propiedade ou por outro título, de polo menos un vehículo da categoría adecuada a cada clase de permiso ou licenza de condución para cuxo ensino estea autorizada.

2. As seccións ou sucursais da dita escola deberán contar co número de vehículos e nas mesmas condicións exixidas para a escola.»

Trece. O artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 16. *Requisitos dos vehículos.*

Os vehículos de toda escola deberán:

- a) Estar a nome do titular da escola.
- b) Figurar dados de alta na escola e constar así no Rexistro de Centros de Formación de Condutores.
- c) Axustarse ás condicións xerais e requisitos que se establecen no Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.
- d) Os destinados ás prácticas correspondentes á proba de control de aptitudes e comportamentos en vías abertas ao tráfico xeral, excepto as motocicletas, estarán dotados de dobres mandos de freo, acelerador e, de ser o caso, embrague eficaces.
- e) Reunir os requisitos exixidos nos artigos 59, 60 e 61 do Regulamento xeral de condutores para a realización das probas de aptitude, se estiveren destinados a estas.
- f) Os turismos deberán levar inscrito de maneira visible na súa parte superior un cartel no que figure a denominación completa da escola a que están adscritos e, de ser o caso, o logotipo correspondente. As dimensións mínimas deste cartel serán de 0,70 metros de lonxitude por 0,20 metros de altura; deberá ser colocado de forma vertical ou lixeiramente inclinado e estar suxeito de maneira eficaz ao vehículo para evitar a súa caída.

O cartel, que deberá ser visible en todo momento, poderá ser substituído ou complementado por inscricións, de análogas dimensións ás citadas no parágrafo anterior, colocadas en ambos os laterais dianteiros do vehículo, nas que unicamente figuren os datos antes mencionados.

A cor, o tamaño e a forma das letras do cartel e das inscricións deberán permitir identificar con claridade a denominación da escola a que está adscrito o vehículo.

Nos camións, autobuses, remolques e semirremolques, o cartel será substituído por inscricións sobre a parte posterior e ambos os laterais do vehículo nas que figuren os datos que se indican no parágrafo anterior.

- g) Os camións, os autobuses e os tractocamións deberán estar dotados de tacógrafo en correcto estado de funcionamento e en condicións de ser utilizado, tanto no ensino como nas probas de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral.»

Catorce. O artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 17. *Agrupacións para a utilización compartida de vehículos.*

1. Os vehículos necesarios para a aprendizaxe da condución de permiso das clases B+E, C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D ou D+E poderán figurar dados de alta en máis dunha escola da mesma titularidade ou estar adscritos a unha agrupación ou sociedade formada polos titulares das escolas agrupadas ou asociadas.

2. A agrupación para a utilización compartida dos vehículos a que se refire o número anterior deberá constar e acreditarse documentalmente ante a Xefatura Provincial de Tráfico, que lle asignará un número de inscrición no Rexistro de Centros de Formación de Condutores. A súa denominación non poderá coincidir nin prestarse a confusión coa doutra agrupación ou sociedade constituída ou escola autorizada na mesma ou mesmas provincias.

3. Os vehículos utilizados de forma compartida por unha agrupación ou sociedade de escolas poderán ir identificados en ambos os laterais ou na súa parte posterior coa denominación de todas as escolas agrupadas ou a da agrupación ou sociedade.»

Quince. O artigo 19, «Prohibicións», queda suprimido.

Dezaseis. O artigo 20 pasa a ser o artigo 19 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 19. *Material didáctico.*

1. A escola, sección ou sucursal deberá contar, como mínimo, co material didáctico necesario e adecuado para impartir a formación teórica conforme os coñecementos e aptitudes exixidos pola normativa vixente.

2. A escola autorizada para impartir o ensino para a obtención de permiso das clases A1, A2 ou A deberá dispor, polo menos, dun sistema de comunicación mans libres que lle permita ao profesor durante a aprendizaxe da condución e circulación, e ao funcionario examinador durante a realización da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral, transmitir eficazmente, desde un vehículo turismo ou, de ser o caso, para as prácticas de circulación, unha motocicleta que circule detrás da conducida polo aspirante, as instrucións necesarias e a aquel, comunicarlle ao profesor ou examinador a súa recepción.

O turismo ou a motocicleta de seguimento deberán figurar dados de alta no centro onde o aspirante recibise ensinanza.

3. As seccións ou sucursais deberán dispor do sistema de comunicación mans libres nas mesmas circunstancias que se exixen á escola conforme o disposto no punto anterior.»

Dezasete. O título do capítulo III queda redactado do seguinte modo:

«CAPÍTULO III

Da autorización de apertura»

Dezaioito. O artigo 21 pasa a ser o artigo 20 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 20. *Necesidade de obter autorización administrativa previa.*

1. Toda escola que vaia impartir a formación para a obtención do permiso ou da licenza de condución precisará dunha autorización de apertura previa para desenvolver a súa actividade, que será expedida pola Xefatura Provincial de Tráfico en cuxo territorio radique a escola. Para iso deberá contar cos elementos persoais e materiais mínimos dispostos neste regulamento.

2. Esta autorización terá validez en todo o territorio español e habilitará o seu titular para abrir seccións ou sucursais que levarán a mesma denominación que a escola.

3. Igualmente, o persoal directivo ou docente de toda escola, sección ou sucursal necesitará autorización administrativa previa para exercer as súas funcións.»

Dezanove. O título da sección segunda queda redactado do seguinte modo:

«Sección 2.^a *Autorización de apertura»*

Vinte. O artigo 22 pasa a ser o artigo 21 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 21. *Solicitud de autorización de apertura e documentación que se presentará con ela.*

1. A autorización de apertura deberá solicitarse na Xefatura Provincial de Tráfico onde estea situada a escola, utilizando para iso a solicitude que, para tales efectos, proporcionará tal organismo ou que poderá descargarse a través da seguinte páxina web: www.dgt.es

2. Á dita solicitude, subscrita polo titular ou o seu representante legal e na que se indicarán a denominación do centro e os seus elementos persoais e materiais, a

situación dos locais e terreos ou zonas de prácticas e as clases de permiso e licenza para cuxo ensino se solicita autorización, xuntaránselle os seguintes documentos:

a) Se o titular da escola é unha persoa física deberá indicar o número do documento nacional de identidade ou o número de identidade de estranxeiro, de ser o caso, así como o consentimento para que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados mediante o sistema de verificación de datos, nos termos establecidos polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a entrega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.

De non constar o seu consentimento na solicitude, deberá achegarse fotocopia do documento nacional de identidade ou, de ser o caso, do documento acreditativo da identidade ou tarxeta equivalente, acompañado do seu número de identidade de estranxeiro, documentos todos eles que deberán estar en vigor.

Se o titular da escola é unha persoa xurídica deberá presentar fotocopia dos documentos que acrediten a constitución da sociedade xunto cos orixinais, que serán devoltos unha vez cotexados.

b) Acreditación de que os locais cumpren cos requisitos exixidos pola normativa municipal para exercer a actividade propia da escola.

c) No caso de dispor de terreos destinados a clases prácticas en circuíto pechado, documento que o acredite e autorización municipal para impartir as ditas clases neles ou certificación acreditativa de que non necesita a autorización, de ser o caso.

De non dispor de terreos, deberá presentar unha autorización municipal para realizar as ditas prácticas en zonas que reúnan as condicións idóneas para o ensino da conducción.

d) Relación do persoal docente.

e) Relación do material didáctico.

f) Relación dos vehículos de que vai dispor o centro, especificando as súas características e condicións de utilización, como ensino ou acompañamento.

g) Declaración por escrito de que o solicitante ou, se é persoa xurídica, cada un dos seus asociados, así como o persoal directivo e docente, non está incurso en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 12 deste regulamento.

3. A Xefatura Provincial de Tráfico, logo de examinar a solicitude e a documentación achegada e de comprobar que a solicitude se presentou acompañada de todos os documentos que se indican no número 2 e a veracidade do contido da documentación, ditará resolución mediante a cal concederá ou denegará a autorización de apertura solicitada.

4. Non se lle poderá conceder autorización de apertura a ningún titular se a denominación da escola coincide ou se presta a confusión coa doutra escola xa autorizada nesa mesma provincia.

5. Se for necesario emendar algún defecto ou erro nos datos ou na documentación achegada ou no caso de que coincidir a súa denominación ou se prestar a confusión, requirirase o interesado para que no prazo de dez días hábiles o resolva e, no caso de que non o faga, terase por desistido na súa petición, logo de ditar resolución neses termos.

6. A Xefatura Provincial de Tráfico notificará a resolución que proceda ao titular ou ao seu representante legal no prazo máximo de tres meses. Unha vez que transcorra ese prazo máximo sen terse notificado a resolución expresa, a solicitude da autorización de apertura entenderase desestimada por silencio administrativo.»

Vinte e un. O artigo 23 pasa a ser o artigo 22 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 22. *Expedición da autorización de apertura.*

1. A expedición da autorización de apertura determinará a inscrición de oficio da escola no Rexistro de Centros de Formación de Condutores e o outorgamento

dun número de rexistro provincial que estará formado por dous grupos de caracteres constituídos polo contrasinal da provincia e un número provincial correlativo.

2. Na autorización de apertura farase constar a denominación da escola, o seu domicilio e o seu número de inscrición no rexistro, así como o titular e os profesores da escola, clases de permisos para que estea autorizada a impartir ensino e vehículos adscritos.

3. No caso da apertura dunha sección ou sucursal, o titular da escola matriz deberá comunicar ao Rexistro de Centros de Formación de Condutores, con carácter previo ao seu funcionamento, a apertura da sección ou sucursal no modelo que para tales efectos proporcionará o citado rexistro ou que poderá descargarse a través da seguinte páxina web: www.dgt.es

Nesa comunicación farase constar o número de rexistro da escola matriz, o domicilio da sección ou sucursal, a relación de persoal docente, de material didáctico e de vehículos, así como os terreos para realizar as prácticas, e incluírase unha declaración responsable subscribida polo titular de que se cumpren todos os requisitos exixidos no artigo 21.

A apertura da sección ou sucursal inscribírase de oficio no rexistro co mesmo número de rexistro que a escola matriz, e a ese número engadírase o que corresponda a cada sección ou sucursal.

A denominación da sección ou sucursal será a mesma que a da súa escola matriz, pero sempre irá precedida da palabra en maiúsculas «SECCIÓN» ou «SUCURSAL» e, a continuación, a denominación completa da escola matriz e a provincia onde a dita escola foi autorizada.

4. Unha vez inscrita expedírase unha copia da autorización de apertura da escola matriz na que se fará constar, ademais, o domicilio, o número de inscrición e os profesores da sección ou sucursal, clases de permisos para que estea autorizada a impartir ensino e vehículos adscritos.

Unha copia da citada autorización deberá estar exposta ao público nun lugar facilmente accesible e visible. Será substituída, unha vez entregada previamente polo titular na Xefatura Provincial de Tráfico, cando se produza algunha modificación que afecte os datos que constan nela, no prazo establecido no número 1 do artigo 24.»

Vinte e dous. O artigo 24 pasa a ser o artigo 23 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 23. *Alcance da autorización de apertura.*

1. A autorización de apertura permítelles á escola e ás súas seccións ou sucursais desenvolveren a súa actividade na formación dos alumnos que aspiren á obtención do permiso ou da licenza de condución das clases para cuxo ensino estea autorizada e dispoña dos elementos persoais e materiais mínimos exixidos.

2. As clases teóricas unicamente se poderán impartir nos locais que contén coa correspondente acreditación municipal para iso e cumpran cos requisitos exixidos pola normativa vixente.

As clases prácticas de manobras ou destreza en circuíto pechado unicamente se poderán realizar nos terreos ou zonas autorizados para o efecto. Para as clases prácticas de condución e circulación en vías abertas ao tráfico xeral poderase utilizar calquera vía urbana ou interurbana en que non estea expresamente prohibido.

3. Para os efectos do disposto no número anterior, os concellos designarán, e comunicarán á respectiva Xefatura Provincial de Tráfico, os lugares adecuados en que, dentro dos seus respectivos núcleos urbanos, se poderán efectuar, en ou entre horas fixas tamén adecuadas, as prácticas de condución e circulación, entendéndose que poden realizarse en calquera vía do núcleo urbano se aquela designación non chega a efectuarse.

4. Os profesores e os vehículos, unha vez dados de alta na escola, sección ou sucursal, poderán ser comúns, sempre que tanto na escola como en cada sección ou sucursal se manteñan os elementos persoais e materiais mínimos exixidos.

5. A autorización permite presentar os alumnos a realizar as probas de aptitude no centro de exames que, atendidas as circunstancias concorrentes, determine a Xefatura Provincial de Tráfico dentro dos existentes na provincia onde radique a escola ou a sección ou a sucursal.»

Vinte e tres. O artigo 25, «Autorización específica para impartir cursos para a obtención da licenza que autoriza a conducir ciclomotores», queda suprimido.

Vinte e catro. O artigo 26 pasa a ser o artigo 24 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 24. *Modificación da autorización de apertura.*

1. O titular da escola deberá solicitar da Xefatura Provincial de Tráfico, no prazo de dez días hábiles, contados desde a data en que o cambio se produciu, a modificación da autorización de apertura, utilizando para iso a solicitude que para tales efectos proporcionará o dito organismo ou que se poderá descargar na seguinte páxina web: www.dgt.es.

2. A modificación da autorización de apertura deberá solicitarse polas seguintes causas:

- a) Cambio de denominación da escola.
- b) Cambio de locais.
- c) Cambio dos terreos ou zonas onde se realicen as prácticas de ensino.
- d) Alta ou baixa do persoal directivo ou docente ou calquera modificación que afecte as autorizacións de exercicio do dito persoal.
- e) Alta, baixa ou reforma dos vehículos.
- f) Calquera outra variación dos datos que figuran na autorización.

3. A solicitude irá acompañada de copia ou fotocopia dos documentos xustificativos que en cada caso procedan xunto cos orixinais, que serán devoltos unha vez cotexados.

4. Cando a modificación afecte elementos persoais ou vehículos, o titular deberá entregar na Xefatura Provincial de Tráfico a correspondente autorización de exercicio e os distintivos do persoal docente afectado e as placas dos vehículos a que se refire o artigo 16 deste regulamento, para o seu arquivo ou destrución, segundo os casos.

Cando a modificación afecte os vehículos, a Xefatura Provincial de Tráfico poderá ordenar o precinto dos vehículos dados de baixa até a súa transferencia ou cambio de destino ou resolución do arrendamento.

5. O xefe provincial de Tráfico comunicará de oficio ao Rexistro de Centros de Formación de Condutores as modificacións habidas para que proceda á súa inscrición.»

Vinte e cinco. O artigo 27 pasa a ser o artigo 25 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 25. *Suspensión voluntaria de actividades.*

1. A escola, as súas seccións ou sucursais poderán suspender voluntariamente o exercicio das súas actividades até un prazo máximo dun ano.

2. O titular deberá comunicar a data de inicio da suspensión á Xefatura Provincial de Tráfico correspondente, como mínimo dez días antes do seu inicio, utilizando para iso a solicitude que para tales efectos proporcionará ese organismo ou que se poderá descargar na seguinte páxina web: www.dgt.es.

3. O xefe provincial de Tráfico comunicará ao Rexistro de Centros de Formación de Condutores a suspensión da escola, sección ou sucursal para que se proceda á súa inscrición.

4. Durante o tempo que dure a suspensión, o titular deberá entregar, en calidade de depósito, as placas de identificación dos vehículos na Xefatura Provincial de Tráfico da escola, sección ou sucursal que vaia cesar, a cal poderá ordenar o recinto deles, salvo nos supostos de agrupacións de escolas para a utilización compartida de vehículos a que se refire o artigo 17 deste regulamento.

5. A suspensión de actividades cesará pola comunicación previa do titular nos mesmo termos que se establecen no número 2, cancelándose de oficio a inscrición no Rexistro de Centros de Formación de Condutores.

6. A suspensión de actividades durante máis dun ano dunha sección ou sucursal suporá o cesamento definitivo das súas actividades. Para poder volver iniciar a súa actividade, o titular da escola deberá cumprir os requisitos exixidos no artigo 22.

7. A suspensión de actividades durante máis dun ano da escola dará lugar á extinción da autorización conforme se establece no artigo 26.»

Vinte e seis. O artigo 28 pasa a ser o artigo 26 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 26. *Extinción.*

1. A autorización de apertura ten carácter persoal e extínguese por disolución da sociedade, morte, renuncia expresa do seu titular, transmisión da empresa ou suspensión de actividades durante máis dun ano.

2. Cando se extinga a autorización da escola carecerán da habilitación para seguir funcionando as súas sucursais ou seccións.

3. Nas transmisións «mortis causa» admitirase unha titularidade provisional a favor da comunidade de herdeiros, sempre que a persoa que a represente o solicite no prazo de noventa días naturais, contados desde a morte do causante, e durará até o momento en que se produza a adxudicación da herdanza, o que se deberá xustificar documentalmente na Xefatura Provincial de Tráfico.

4. Nas transmisións por actos «inter vivos», a Xefatura Provincial de Tráfico poderá expedir, por un período de seis meses prorrogables até un máximo doutros tres meses, unha autorización provisional a favor do adquirente, sempre que o solicite no prazo de dez días hábiles, contados desde a data en que se produciu a transmisión, e acredite a imposibilidade de presentar coa solicitude a documentación requirida sobre locais ou terreos.

5. A disolución da sociedade, a renuncia do titular ou a transmisión da empresa deberán ser comunicadas por escrito á Xefatura Provincial de Tráfico polo titular ou o seu representante legal no prazo de dez días, contados a partir da data en que o feito se produciu, utilizando para iso o modelo que para tales efectos proporcionará ese organismo ou que se poderá descargar na seguinte páxina web: www.dgt.es.

6. O xefe provincial de Tráfico comunicará ao Rexistro de Centros de Formación de Condutores a extinción da autorización para que proceda á súa inscrición de oficio.»

Vinte e sete. O artigo 29, «Presentación de alumnos á realización das probas en distinta provincia», pasa a ser o artigo 27.

Vinte e oito. O artigo 30, «Escolas unipersoais», queda suprimido.

Vinte e nove. O artigo 31 pasa a ser o artigo 28 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 28. *Solicitude da autorización e documentos que se deben presentar con ela.*

1. A autorización de exercicio do persoal directivo e docente deberá solicitarse na Xefatura Provincial de Tráfico, utilizando para iso a solicitude que para tales

efectos proporcionará ese organismo ou que poderá descargarse a través da seguinte páxina web: www.dgt.es.

A dita solicitude, subscrita polo titular ou o seu representante legal, irá acompañada dos seguintes documentos:

a) Número do documento nacional de identidade ou número de identidade de estranxeiro, de ser o caso, así como o consentimento para que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados mediante o sistema de verificación de datos, nos termos establecidos polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril.

De non constar o seu consentimento na solicitude, deberá achegarse fotocopia do documento nacional de identidade ou, de ser o caso, do documento acreditativo da identidade ou tarxeta equivalente, acompañado do seu número de identidade de estranxeiro, documentos todos eles que deberán estar en vigor.

b) Declaración por escrito do director ou do profesor de non estar cumprindo condena ou sanción de privación ou suspensión do permiso de condución acordada en vía xudicial ou administrativa ou perda do crédito total dos seus puntos e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para o exercicio das actividades docentes a que se refire o artigo 12 deste regulamento.

c) Dúas fotografías actualizadas da persoa para a cal se solicita a autorización.

d) Copia do certificado de aptitude do director de escolas particulares de condutores ou de profesor de formación viaria ou de profesor de escolas particulares de condutores.

2. A Xefatura Provincial de Tráfico notificará a resolución que proceda ao titular ou ao seu representante legal no prazo máximo dun mes.»

Trinta. O artigo 32, «Concesión das autorizacións de exercicio», pasa a ser o artigo 29.

Trinta e un. O artigo 33 pasa a ser o artigo 30 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 30. *Alcance das autorizacións de exercicio.*

1. As autorizacións de exercicio son os únicos documentos que habilitan para a dirección docente e para o ensino profesional nunha escola ou nas súas seccións ou sucursais.

2. A autorización de exercicio de profesor habilita para impartir as clases teóricas necesarias para a obtención de calquera permiso ou licenza de condución e exclusivamente as clases prácticas para a obtención do permiso da clase ou clases de que o profesor sexa titular con máis dun ano de antigüidade.

Para impartir a formación para conducir vehículos dos que habilita o permiso da clase BTP será necesario que o profesor estea habilitado para conducir tales vehículos.

3. A vacante do director poderá ser suplida, provisionalmente e polo tempo máximo dun mes, por calquera dos profesores da escola.»

Trinta e dous. Os artigos 34 e 35 pasan a ser os artigos 31 e 32.

Trinta e tres. O título da sección cuarta queda redactado do seguinte modo:

«Sección 4.^a *Nulidade ou lesividade, perda de vixencia, suspensión cautelar e intervención das autorizacións de apertura e de exercicio do persoal directivo e docente*»

Trinta e catro. Os artigos 36, «Declaración de nulidade ou lesividade», 37, «Procedemento para a declaración de nulidade ou lesividade», 38, «Perda de vixencia», e 39, «Procedemento para a declaración de perda de vixencia», pasan a ser os artigos 33, 34, 35 e 36.

Trinta e cinco. O artigo 40 pasa a ser o artigo 37 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 37. *Suspensión cautelar e intervención inmediata das autorizacións.*

1. No curso dos procedementos de declaración de nulidade ou lesividade e perda de vixencia da autorización de apertura e as de exercicio do persoal directivo e docente, poderá acordarse a suspensión cautelar da autorización cando o seu mantemento entraña un grave perigo para a seguridade viaria ou prexudique notoriamente o interese público, caso en que o xefe provincial de Tráfico que coñeza o expediente ordenará, mediante resolución fundada, a intervención inmediata da autorización e a práctica de cantas medidas crea necesarias para impedir o efectivo exercicio dela.

2. Durante a suspensión cautelar e intervención inmediata da autorización de apertura non se admitirán novas solicitudes para a práctica das probas de obtención de permiso e licenza de condución até que se repare a deficiencia, e a Xefatura Provincial de Tráfico exixirá a entrega da autorización correspondente.

3. Cando a suspensión cautelar e intervención inmediata afecte as autorizacións de exercicio do persoal directivo ou docente, o titular da autorización non poderá desempeñar as súas funcións directivas ou docentes.

4. Nos casos a que se refiren os números 2 e 3 anteriores, a Xefatura Provincial de Tráfico exixirá a entrega da autorización correspondente.»

Trinta e seis. O artigo 41 pasa a ser o artigo 38.

«Artigo 38. *Programación do ensino.*

Toda escola programará o ensino axustándose ás normas do Regulamento xeral de condutores e aos obxectivos, contidos mínimos e directrices que para o efecto estableza o ministro do Interior, por proposta do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, contando co informe previo das asociacións máis representativas do sector do ensino da condución.»

Trinta e sete. Os artigos 42, «Capacidade de ensino», e 43, «Ensinanzas mínimas», quedan suprimidos.

Trinta e oito. O artigo 44 pasa a ser o artigo 39 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 39. *Rexistro de alumnos.*

Toda escola, sección ou sucursal deberá levar un libro de alumnos matriculados con follas numeradas, dilixenciadas e seladas pola Xefatura Provincial de Tráfico.

Este libro, que poderá estar informatizado, cubrirase diariamente por orde de inscrición e constarán todos os alumnos matriculados con expresión dos datos de cada un relativos ao número e data de inscrición, nome, apelidos, documento nacional de identidade, documento acreditativo de identidade ou tarxeta equivalente na que conste o número de identidade de estranxeiro, data de nacemento, clase ou clases de permiso ou de licenza de condución que posúe e a que aspira, datas en que se inicia e finaliza o ensino, e o resultado final obtido.

O titular da escola, ou a persoa en quen delegue, será o responsable do dito libro, que deberá conservarse no centro durante un prazo de catro anos, contados a partir da última inscrición realizada nel.»

Trinta e nove. Os artigos 45, «Fichas do alumno», 46, «Distintivos», e 47, «Contrato de ensino», pasan a ser os artigos 40, 41 e 42, e o artigo 48, «Libro de reclamacións», queda suprimido.

Corenta. O artigo 49 pasa a ser o artigo 43 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 43. *Inspeccións.*

1. O persoal do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico poderá inspeccionar as escolas e as súas seccións ou sucursais en calquera momento e tantas veces se xulgue conveniente.

En todo caso, realizarase unha inspección que será previa á concesión da autorización de apertura ou cando se modifique se o cambio afecta os terreos ou os vehículos, ou cando se teña coñecemento da apertura dunha sección ou sucursal ou da variación dalgún dos datos a que se refire o artigo 24.

2. Para efectuar a inspección, os funcionarios terán acceso aos locais, terreos ou, de ser o caso, zonas de ensino práctico, aos vehículos e a toda a documentación regulamentaria da escola, sección ou sucursal, así como a relativa aos seus elementos persoais e materiais, podendo presenciar o desenvolvemento das clases cando o consideren oportuno e analizar, coa colaboración dos profesores, as fichas dos alumnos.

3. De cada visita de inspección elaborárase unha acta, da que se entregará copia á escola, sección ou sucursal inspeccionada.»

Corenta e un. O artigo 50 pasa a ser o artigo 44 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 44. *Sancións.*

As infraccións ás normas contidas neste regulamento serán sancionadas dentro do marco legal establecido no número 2 do artigo 67 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, na redacción dada a este pola Lei 18/2009, do 23 de novembro.»

Corenta e dous. O artigo 51, «Certificados de aptitude», pasa a ser o artigo 45.

Corenta e tres. O artigo 52 pasa a ser o artigo 46 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 46. *Obtención do certificado de aptitude de profesor de formación viaria.*

1. O certificado de aptitude de profesor de formación viaria poderá obterse superando os cursos ou probas que para o efecto se convoquen.

2. Para tomar parte nos cursos ou probas será necesario:

a) Estar en posesión, como mínimo, do título de educación secundaria obrigatoria ou do título de técnico (formación profesional de grao medio).

b) Ser titular do permiso de condución ordinario da clase B, polo menos, cunha antigüidade mínima de dous anos.

c) Posuír as aptitudes psicofísicas determinadas polo Ministerio do Interior por proposta da Dirección Xeral de Tráfico.

Non obstante, quen, sen posuílas, estea en posesión dun permiso de condución da clase B ou un permiso extraordinario da clase B, polo menos, suxeito a condicións restritivas, cunha antigüidade mínima de dous anos, obtido ao abeiro do disposto no número 2 do artigo 7 do Regulamento xeral de condutores, poderá obter un certificado de aptitude limitado a ensino de carácter teórico.

3. As probas serán de carácter obxectivo e nelas valoráranse os coñecementos, a aptitude pedagóxica e a experiencia práctica.

4. A parte teórica dos cursos ou probas comprenderá, polo menos, as materias seguintes:

a) Normas e sinais reguladores da circulación.

b) Cuestións de seguridade viaria, técnica de condución e circulación, condución económica, ambiente e contaminación, accidentes de circulación, causas e factores que interveñen neles.

c) Regulamentación xeral de vehículos e, en especial, dos vehículos pesados, de transporte de persoas e mercadorías, prioritarios e especiais.

d) Seguro de automóviles.

e) Normativa pola que se regulan os permisos de condución, as súas clases e as probas de aptitude que cómpre realizar para a súa obtención.

f) Normativa pola que se regulan a aprendizaxe da condución e os centros de formación de condutores.

g) Pedagogía e psicoloxía aplicadas á condución.

h) Mecánica e mantemento simple dos automóviles.

i) Comportamento e primeiros auxilios en caso de accidente de circulación.

Será necesario ter superadas todas as materias que integran esta parte teórica para pasar a realizar a parte práctica dos cursos ou probas.

5. A parte práctica dos cursos ou probas consistirá no desenvolvemento de clases teóricas e prácticas relacionadas coas materias establecidas no punto 4 anterior.

Finalizados os cursos ou as probas, expediráselles o certificado de aptitude de profesor de formación viaria a aqueles os superase, os cales serán inscritos no Rexistro de Profesionais do Ensino da Condución a que se refire a alínea h) do artigo 5 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, e quedarán exentos das probas de control de coñecementos para a obtención do permiso de condución.

6. Non será necesario que realice a parte práctica dos cursos ou probas quen vaia obter un certificado de aptitude limitado a un ensino de carácter teórico.»

Corenta e catro. O artigo 53 pasa a ser o artigo 47 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 47. Obtención do certificado de aptitude de director de escolas de condutores.

1. Para obter o certificado de aptitude de director de escolas de condutores será necesario estar en posesión do certificado de aptitude de profesor de formación viaria ou de profesor de escolas particulares de condutores e superar os cursos ou probas que para o efecto se convoquen.

2. Os cursos ou probas versarán sobre a normativa que regula as escolas particulares de condutores, tramitación administrativa e coñecementos xerais de xestión de empresas aplicada á xestión e dirección de tales escolas, estatísticas, organización e dirección de centros docentes e psicoloxía das organizacións.

3. Finalizados os cursos ou as probas, a aqueles que as superasen expediráselles o certificado de aptitude de director de escolas de condutores, circunstancia que se fará constar no Rexistro de Profesionais do Ensino da Condución a que se refire a alínea h) do artigo 5 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.»

Corenta e cinco. O artigo 54 pasa a ser o artigo 48 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 48. Convocatoria dos cursos para obter os certificados de aptitude.

1. Os cursos e probas para obter os certificados de aptitude de profesor de formación viaria e de director de escolas particulares de condutores serán regulados por orde do ministro do Interior. A súa convocatoria correspóndelle á Dirección Xeral de Tráfico ou ao órgano autonómico competente.

Os cursos e probas convocaranse cunha periodicidade mínima anual.

2. A resolución que convoque os cursos ou probas establecerá o réxime, contido, a duración e o lugar de celebración dos cursos, o sistema de selección, as probas e avaliacións que se van realizar, o número de preguntas que se formularán e o máximo de erros permitidos, así como os sistemas e criterios de cualificación das probas e avaliacións, os recursos contra as decisións sobre a cualificación das probas e cantas cuestións sexan de interese para o seu desenvolvemento.»

Corenta e seis. O artigo 55, «Órgano competente para levar os rexistros», pasa a ser o artigo 49.

Corenta e sete. O artigo 56 pasa a ser o artigo 50 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 50. *Finalidade dos rexistros.*

1. O Rexistro de Centros de Formación de Condutores terá como finalidade recoller e xestionar de forma automatizada os datos dos centros de formación aos cales se lles concedeu a autorización de apertura, así como os relativos á nulidade e lesividade delas e á modificación, as medidas cautelares e, de ser o caso, a intervención da autorización de apertura.

2. O Rexistro de Profesionais do Ensino da Condución terá como finalidade recoller e xestionar de forma automatizada os datos de carácter persoal dos titulares do certificado de aptitude de directores e profesores de escolas particulares de condutores e de profesores de formación viaria, así como os relativos á modificación, nulidade, lesividade, perda de vixencia, medidas cautelares e, de ser o caso, a intervención das súas autorizacións de exercicio.»

Corenta e oito. Incorpórase a disposición adicional cuarta:

«Disposición adicional cuarta. *Condicións para a libre prestación da actividade de director ou de profesor de formación viaria ou de profesor de escolas particulares de condutores.*

1. Os directores e profesores de formación viaria ou profesores de escolas particulares de condutores que estean establecidos en calquera outro Estado membro, poderán prestar os seus servizos en territorio español en réxime de libre prestación sempre que comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico onde vaian prestar os seus servizos, con carácter previo, o inicio da súa actividade, utilizando para iso o modelo que, para tales efectos, proporcionará ese organismo ou que poderán descargar na seguinte páxina web: www.dgt.es.

2. Coa comunicación deberá achegarse:

a) Fotocopia do documento acreditativo de identidade en vigor.

Se está en posesión dun número de identidade de estranxeiro, poderá dar consentimento para que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados mediante o sistema de verificación de datos, nos termos establecidos polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril, caso en que non será necesario achegar a fotocopia a que se fai referencia no parágrafo anterior.

b) Fotocopia da titulación que no seu país lle permita exercer como director ou profesor de formación viaria.

c) Fotocopia do permiso de condución en vigor do que é titular.

3. Transcorrido o prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se presentou a comunicación ou desde o día seguinte a aquel en que se emendaron os erros ou deficiencias, poderá iniciar a súa actividade. Non obstante, só poderá impartir clases prácticas para a obtención do permiso de condución da clase ou das clases de que sexa titular.

4. No caso de que non cumpra cos requisitos exixidos para iso, dítarase a correspondente resolución en que se denegará a prestación dos seus servizos como director ou profesor de formación viaria no noso país.»

Corenta e nove. Incorporárase a disposición adicional quinta:

«Disposición adicional quinta. *Comunicación entre rexistros.*

O Rexistro de Centros de Formación de Condutores e os correspondentes rexistros daquelas comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, poderán ter acceso ás súas respectivas bases de datos co obxecto de realizar as comprobacións oportunas antes de proceder á inscrición das escolas, seccións ou sucursais nos seus respectivos rexistros.

Até que estea operativa a interconexión entre as bases de datos dos ditos rexistros, facilitaranse reciprocamente, logo de solicitude e polos medios oportunos, os datos necesarios para realizar as devanditas inscricións.»

Cincuenta. A disposición transitoria terceira queda suprimida e a disposición transitoria cuarta pasa a ser a terceira.

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.*

Os números 2 e 4 do artigo 28 do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, quedan redactados do seguinte modo:

«2. A solicitude formularase no modelo oficial que para tales efectos proporcionará a Xefatura de Tráfico correspondente ou que se poderá descargar na seguinte páxina web: www.dgt.es.

A solicitude irá acompañada dos documentos que se indican no anexo XIII, os cales acreditan os requisitos técnicos do vehículo, o cumprimento das obrigas tributarias, da importación legal, de ser o caso, ou de que cumpre cos requisitos para obter ou que conta co título habilitante para obter ou realizar algunha actividade de transporte ou de arrendamento sen condutor, así como aquel outros documentos en que o interesado funde o seu dereito á matriculación do vehículo e que acrediten a súa personalidade e domicilio.

No caso de se tratar dun vehículo especial agrícola deberá inscribirse previamente no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola correspondente. O dito rexistro comunicará os datos de inscrición ao Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, conforme o disposto no Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño, sobre caracterización e rexistro da maquinaria agrícola.»

«4. Á vista do expediente, a Xefatura de Tráfico autorizará, se procede, a matriculación do vehículo, caso en que expedirá o permiso de circulación, que se lle entregará ao interesado xunto coa tarxeta de inspección técnica ou certificado de características e comunicará a matrícula aos órganos competentes da Administración Tributaria, de Industria, de Agricultura, de tratarse dun vehículo especial agrícola, así como ao concello do domicilio legal do titular do vehículo.

No caso de que o Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola non transmitise os datos de inscrición a que se fai referencia no número 2, a Xefatura de Tráfico solicitará ao citado rexistro o documento acreditativo da inscrición antes de decidir sobre a autorización.

Ademais do permiso de circulación, a Xefatura de Tráfico poderá expedir outro documento, se así se establece no anexo XIII, de acordo coas condicións e conforme o modelo que se indiquen nel.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 2100/1976, do 10 de agosto, sobre fabricación, importación, venda e utilización de pezas, elementos ou conxuntos para reparación de automóviles.*

O artigo segundo do Real decreto 2100/1976, do 10 de agosto, sobre fabricación, importación, venda e utilización de pezas, elementos ou conxuntos para reparación de automóviles, queda redactado do seguinte modo:

«Artigo segundo. *Inscrición no Rexistro de Centros de Manipulación de Placas de Matrícula.*

1. Os titulares dos establecementos dedicados á manipulación de placas de matrícula deberán solicitar a súa inscrición no Rexistro de Centros de Manipulación de Placas de Matrícula da Dirección Xeral de Tráfico, no modelo oficial de impreso que proporcione a Xefatura Provincial de Tráfico do domicilio do establecemento ou que poderá descargarse na seguinte páxina web: www.dgt.es

A solicitude presentarase na Xefatura de Tráfico da provincia correspondente ao seu domicilio, que lle entregará ao establecemento un libro rexistro, que poderá estar informatizado, en modelo oficial e debidamente dilixenciado.

2. Os citados establecementos deberán inscribir no libro rexistro os seguintes datos: o nome e apelidos da persoa física a que se lle vende cada xogo de placas de matrícula, o seu documento nacional de identidade ou número de identidade de estranxeiro, a matrícula do vehículo a que se destinan as placas e o nome e apelidos ou razón social do titular do vehículo.

Previamente, o solicitante das placas de matrícula deberá exhibir o seu documento nacional de identidade ou, de ser o caso, documento acreditativo de identidade ou tarxeta equivalente onde conste o número de identidade de estranxeiro e o permiso de circulación do vehículo, documentos que deberán estar todos eles en vigor.»

Disposición adicional única. *Tratamento de datos persoais por parte dos establecementos dedicados á manipulación de placas de matrícula.*

O tratamento de datos persoais por parte dos establecementos dedicados á manipulación de placas de matrícula farase conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio.*

As autorizacións concedidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto seguirán habilitando o seu titular para realizar a actividade que viña desenvolvendo.

A aquelas autorizacións que fosen solicitadas pero que aínda non se concedesen seralles de aplicación o disposto neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Documentos acreditativos de inscrición, de alta, de baixa ou de modificación dos datos inscritos nos rexistros oficiais de maquinaria agrícola.*

Até que se modifiquen os anexos XIII, XIV e XV do Regulamento xeral de vehículos, por orde proposta conxuntamente polos ministros do Interior e de Industria, Turismo e Comercio, conforme o disposto na disposición derradeira primeira do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, non se lle exixirá ao interesado, cando se trate de vehículos especiais agrícolas, a presentación dos documentos acreditativos do Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola a que se fai referencia nos ditos anexos.

Se a Xefatura de Tráfico non dispuxer dos datos que conteñen eses documentos, solicitará do Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola o documento acreditativo do trámite correspondente.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ